



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### MUGARDOS

*Modificación do Regulamento do Centro Cívico Municipal do Concello de Mugardos*

**Número expediente 1007/2025**

**Trámite** Publicación acordo Pleno elevado á categoría de definitivo do texto refundido resultate da modificación do Regulamento do Centro Cívico Municipal do Concello de Mugardos

Aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria realizada con data 27 de agosto de 2025 o proxecto de modificación e texto refundido resultante do Regulamento do Centro Cívico Municipal do Concello de Mugardos, e elevado á categoría de definitivo conforme ao disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, unha vez transcorrido o prazo marcado no artigo 65.2º da devandita norma sen que se practicase requerimento algún pola Administración Xeral do Estado e Comunidade Autónoma de Galicia, procédese á súa publicación de acordo co artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. A entrada en vigor producirase a partir do día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

#### **Regulamento de uso e funcionamento do centro cívico municipal do Concello de Mugardos**

##### **Exposición de motivos**

Un dos principios nos que se asienta o estado social e democrático que instaura a Constitución de 1978 é o de participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Principio rector que corresponde promover e impulsar a todos os poderes públicos ao que responde e materializa para a Administración Local a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a través dos medios e fórmulas previstos no artigo 69 e seguintes e no Estatuto da Veciñanza que contempla o posterior Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xuídico das Entidades Locais, desenvolvido polo Concello de Mugardos a través do Regulamento de Participación Cidadá (BOP nº 53 de 18 de marzo de 2013).

Porén para que a participación sexa efectiva directamente ou a través das asociacións nas que a veciñanza participe, é necesario facilitar o uso de medios públicos municipais como é o Centro Cívico.

A modificación ten por obxectivo atender as necesidades advertidas dende a súa entrada en vigor tras a súa publicación no BOP da Coruña nº 236 de 14 de decembro de 2011, puxeron de manifesto a necesidade de mellorar o funcionamento das peticións de uso e con elo facilitar o dinamismo do asociacionismo, así como dar cobertura a outras clases de asociacións de carácter xeral ou sectorial que cun ámbito máis amplo permiten canalizar igualmente as demandas veciñais.

Xunto co principio de necesidade, se actúa de forma puntual e proporcionada sobre os artigos se seccións vinculados aos obxectivos propostos (apartados III, V, VI e VII).

Polo que se considera da cumprimento aos principios de boa regulación normativa (artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas).

##### **I.—Obxecto:**

Regular o funcionamento básico do Centro Cívico Municipal dada a crecente necesidade de xerar un sistema de control e seguimento deste local dado o seu uso por parte do movemento asociativo.

##### **II.—Obxectivos:**

O Centro Cívico é a infraestrutura municipal posta a disposición da vecindade e que serve de referencia e identificación da labor sociocultural que desenvolve o Concello, poñendo ao alcance da cidadanía os medios necesarios para a súa participación na vida cultural e social mugardesa.

Os **obxectivos** que persegue o Centro Cívico Municipal do Concello de Mugardos, con carácter xeral, son os seguintes:

1. Promover o desenvolvemento integral da persoa, fomentar a convivencia e incrementar a participación das veciñas e veciños na vida da vila e das parroquias, mediante a prestación de servizos públicos e o desenvolvemento de actividades.

2. Establecer lugares de encontro para a veciñanza, que poida servir de ponte para dar resposta a situacións de soidade e/ou illamento social.
3. Fomentar as actividades de socialización a través de oportunidades de encontro e relación, como un dos xeitos máis efectivos de manter ás persoas no seu propio entorno.
4. Facilitar o acceso ás actividades socioculturais para a mellora da calidade de vida.

### III.—Tipo de actividades a desenrolar:

#### Actividades formativas:

O centro cívico albergará as diversas actividades socioculturais que se leven a cabo no Concello, (cursos, obradoiros ou similares), ben sexa a instancia municipal ou ben por iniciativa das distintas organizacións ou asociacións do concello, válidamente constituídas e inscritas no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Mugardos, para levar a cabo actividades sen ánimo de lucro ou da veciñanza a título individual.

Estas actividades igualmente poderán ser desenvolvidas por asociacións e entidades sen ánimo de lucro válidamente constituídas e inscritas con ámbito estatal ou autonómico que aínda non contando con asento no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Mugardos, persigan fins de interese xeral ou sectorial para a veciñanza, dispoñan de sección no termo municipal ou desenvolvan actividades permanentes ou temporais no concello.

#### Actividades informativas:

O centro cívico será o espazo onde se celebren as distintas accións informativas e/ou de difusión que se promovan dende o Concello, ben sexa a instancia municipal ou ben por iniciativa das distintas organizacións ou asociacións do Concello, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de asociacións do Concello de Mugardos, tales como charlas, xornadas, sesións informativas monográficas, ponencias, en relación a calquera temática de interese. Poderáse usar tamén para albergar reunións puntuais: Reunións de asociacións de veciños, ou outro colectivo que non teñan ánimo de lucro.

#### Actividades lúdicas:

- Actividades xeradas polas distintas asociacións ou entidades do Concello.
- Calquera actividade de índole socio-cultural xerada por calquera das asociacións ou grupos organizados do Concello, legalmente constituídos e inscritos no Rexistro de asociacións do Concello de Mugardos, previa petición formal ao Concello.

### IV.—Usuarias/os:

Poderán ser usuarias/ os do Centro Cívico Municipal, previa autorización, aquelas persoas que figuren inscritas no padrón municipal de habitantes, ou asociacións legalmente constituídas que figuren no Rexistro de asociacións do Concello de Mugardos e aquelas outras inscritas nos Rexistros administrativos oficiais con ámbito estatal ou autonómico que persigan fins de interese xeral ou sectorial para a veciñanza, dispoñan de sección no termo municipal ou desenvolvan actividades permanentes ou temporais no concello.”

### V.—Dereitos e deberes das persoas usuarias destes centros:

#### A. Dereitos:

1. O uso e disfrute dos equipamentos de acordo coas normas de funcionamento que en cada caso, ou con carácter xeral se establezan.
2. Participación nas actividades que en eles se leven a cabo, en base ás condicións específicas que se definan para cada actividade concreta.

#### B. Deberes:

1. Respecto das normas básicas de convivencia.
2. Adecuada utilización dos equipamentos e materiais do centro cívico.
3. As persoas responsábeis das organizacións e asociacións que resulten autorizadas para o uso das instalacións, han de garantir que despois do seu uso, as mesmas presenten un perfecto estado de limpeza e orde.
4. O Concello fará unha limpeza periódica das instalacións.
5. A organización e disposicións do mobiliario do centro deberá deixarse na mesma orde na que se encontrou.

O incumprimento destes deberes poderá dar lugar á exclusión do uso do local ou participación nas actividades e á esixencia de responsabilidade polos danos que se causen.

**VI.—Normas de funcionamento:****A. Horario:**

1. Con carácter xeral, a apertura estará condicionada á realización por parte do Concello das distintas actividades que se vaian a desenrolar, sen perxuízo de que a proposta de particulares, que reúnan os requisitos, se solicite seu uso para o desenvolvemento de distintas accións de carácter eminentemente socio-cultural.

**B. Chaves:**

Dada a importancia dos equipamentos e materiais existentes no centro cívico, e para seu correcto uso, o Concello terá un control estrito das chaves de acceso tanto ao edificio, como a súas distintas dependencias. As chaves se recollerán e se entregarán no departamento de Servizos Sociais do Concello de Mugardos. Queda expresamente prohibida a copia de chaves.

Para elo se elaborará, por un lado, unha ficha de control para o uso puntual das instalacións do Centro Cívico, na que figurará:

- a) Día de recollida das chaves,
- b) concepto de uso,
- c) usuario que as recolle,
- d) identificación da chave,
- e) sinatura,
- f) día de entrega
- g) persoa que fai dita entrega.

**VII.—Solicitudes de uso das instalacións:****“VII.—Solicitudes de uso das instalacións:**

Poderán presentar solicitudes para o uso do citado local, aqueles veciños/as ou asociacións legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de asociacións do Concello de Mugardos, que precisen un local para realizar a súa actividade así como aquelas outras válidamente constituídas que persigan fins de interese xeral ou sectorial para a veciñanza, dispoñan de sección no termo municipal ou desenvolvan actividades permanentes ou temporais no concello.

As solicitudes faranse en instancia formalizada (Anexo I) cunha antelación de 3 días naturais. a recoller no departamento de Servizos Sociais do Concello de Mugardos, ou ben por descarga na páxina web do Concello de Mugardos: [www.concellodemugardos.gal](http://www.concellodemugardos.gal)

...”

**VIII.—Competencias:**

A dependencia do Centro Cívico é municipal, por tanto corresponderá ao alcalde, ou persoa en quen delegue, a regulación do funcionamento do mesmo e o control, supervisión e coordinación das actividades que nel se leven a cabo.

Para o non previsto neste Regulamento e que esté en relación co Centro Cívico Municipal estarase ao que dispoña o Concello de Mugardos, ou o seu órgano competente, nomeadamente o alcalde ou persoa en quen delegue.

**IX.—Publicidade e difusión:**

Este Regulamento será exposto no Centro Cívico Municipal así como no taboleiro de anuncios do Concello. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos, poñendo de manifesto que contra o citado regulamento poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo a partir da súa publicación, nos termos expresados na lexislación reguladora de dita xurisdicción.

**Disposición final.- Entrada en vigor e vixencia**

O presente texto refundido entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, derogando o publicado no BOP nº 246 de 11 de decembro de 2011, estendendo a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Mugardos, a 20 de novembro de 2025.

O Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba